

LITERATURA

Historia de silencios e amores

► A voz narrativa dunha adolescente desenvolve este relato que ambienta na guerra civil un amor imposible e oculto e ó mesmo tempo homenaxea a proeza dos profesores republicanos

F. MARTÍNEZ BOUZAS • SANTIAGO

NOITE DE VORACES SOMBRAS

Agustín Fernández Paz
Edicións Xerais
Fóra de Xogo
165 páxinas

En efecto, a nova peza narrativa coa que nos acaba de agasallar Agustín Fernández Paz, é a recuperación de silencios e amores que perviven na nosa memoria histórica como 'fragmentos rotos' e que o escritor vilabés recolle con realismo e emoción para non deixalos morrer totalmente na noite de "voraces sombras", seguindo o lírico esconxuro das verbas de José Ángel Valente, o poeta que segue a influír na obra de A. Fernández Paz.

Esta súa nova entrega amosa con nidia claridade as razóns que explican o feito de que o autor de éxitos editoriais tan soados como 'Cartas de inverno', 'O centro do labirinto' ou 'Aire negro sexa' o escritor máis lido e traducido do noso sistema literario. Na obra que agora nos ofrece, son outras as ideas e temas que imos atopar se lle fincamos o dente. E outra asemade a finalidade do seu relato, así como a forma e o tori da narración. Mais a destreza e mestría narrativa seguen sendo as mesmas dos seus anteriores vinte e cinco libros, postas agora ao servizo da recuperación da nosa memoria histórica, do rescate das vidas e ideais rachados nesa traxedia estarrecedora e asentada na vinganza que significaron a guerra civil e os posteriores e durísimos anos da posguerra. Un obxectivo ben alleo a calquera oportunismo, xa que o libro comezou a cocerse hai catro ou cinco anos, moito antes, xa que logo, dos congresos, asociacións e outras iniciativas xurdidas nos últimos meses para impedir que se perdan tantos soños que lle furaron a este país os amargos anos da guerra civil.


Todo empezou, como noutros libros de Agustín Fernández Paz,

cunha noticia recortada dun xornal que falaba de que tras dun tabique apareceran os libros e outros papeis que un mestre republicano agachara para libralos das desfeitas do salvaxismo vingador. A noticia converteuse no pulo provocador que fixo que o narrador vilabés fabricara unha historia atraente, chea de forza e verosimilitude, capaz de romper os xeos racionais e acadar o corazón do lector.

Unha voz narrativa que o fai en primeira persoa, unha adolescente inqueda e apaixonada, dispónse a relatarnos a experiencia que na súa vida actuou de fronteira,

Fainos chegar as verbas de moitos presos galegos, os paseados naquelas noites de chumbo asasino

marcando un antes e un despois. Nas vacacións estivais unha presenza fantasmal lévaa a descubrir no falso teito dun armario, unha carpeta ategada de papeis, de fotos e da presenza da moza dun tío da súa nai. Unha relación amorosa que se desenvolveu a través dunha relación epistolar desde os meses anteriores ao estourido da conspiración fascista. Tirando do fío envolto e agachado nestas e coa axuda da súa nai, a rapaza destapa o que verdadeiramente pasou: a terrible aventura de tantos mestres progresistas galegos que soñaban cunha Galicia libre de caciques, un país de homes e de mulleres erguendo en liberdade o seu destino. E a xenerosidade dun amor intenso pero que as circunstancias políticas e a barbarie fixeron definitivamente imposible. O relato de A. Fernández Paz fai chegar ata nós as verbas que podemos imaxinar que escribiron moitos presos galegos, os paseados naquelas estarrecedoras noites de chumbo asasino, e os que tiveron a fortuna de sobreviviron pero co



corazón mancado para sempre. E como non podía ser menos, no libro hai unha mensaxe implícita que o autor sabe transmitir sen ningún xénero de prédica moralizante: que hoxe en día non ten

Novela emocionante e emocionada na que os sentimentos ocupan un lugar sobranceiro

sentido o odio e o rancor por feitos que aconteceron hai máis de sesenta anos, pero aínda o ten menos o desconecemento e a mentira. Como afirma un dos protagonistas, non podemos igualar as vítimas e os verdugos.

O autor escribe unha desas novelas que el mesmo cualifica como de fronteiras. Un relato que pode

Un estilo natural e diáfano, unha arquitectura narrativa que se ergue en capítulos curtos que fan que o lector fique enganchado

ser lido indistintamente por mozos e por adultos se se libran dos prexuízos de que o libro apareza nunha colección xuvenil.

Nesta novela emocionante e emocionada de recuperación dun pasado que non podemos esquecer e no que os sentimentos ocupan un lugar sobranceiro, o escritor vilabés emprega todos os recursos que caracterizan e fundamentan a súa mestría narrativa. Un estilo natural e diáfano, unha arquitectura narrativa que se ergue a partir de capítulos curtos que van facendo que o lector fique enganchado na trama que lle espera, e a presenza do espectral, "esa forza inexplicable" de expresar as grandes verdades con elementos fantásticos e que testemuñan que os mortos xamais nos abandonan. Un bo agasallo, xa que logo, para rapaces e adultos nesta noite de Reis.

POESÍA

A música femia de Damas Negras

VICENTE ARAGUAS • MADRID

Este libro, esta antoloxía de María do Cebreiro, poeta e música ela mesma, precisa máis que dunha lectura en voz alta (como entendo existe sempre a poesía) de ser cantado. Xa que, con efecto, *Damas negras* (Ablativo Absoluto, Edicións Xerais, Vigo 2002), é como dicíamos hai tempo un cancionero. Isto é, un mangado de textos ou de letras que, carecendo de partituras, teñen que ser coñecidos do lector, e non soamente no seu contido literario senón igualmente aparece nun catálogo de poesía, abondo esixente e mesmo rompedor, é de que as letras que aquí están teñan autonomía e, xa que logo, non haxa problemas para a súa degustación independentemente das músicas coas que foron concibidas. E eu penso que semellante pretensión ten fundamento, porque aquí hai rigor e sobre todo calidade. O que non quita que un, cando lea a letra de *Me and Bobby McGee* ou de *I've got you under my skin* ou de *Ain't got, got life* ou de *Summertime* teña a imperiosa necesidade de acompañar esta coa maravillosa partitura musical -en cada un destes casos- de que foi de sempre acompañada. Este sería, obviamente, o maior problema que o libro presenta, o de independizar melodías de textos para conseguir unha lectura exenta. Sobre todo das cancións máis coñecidas, sendo algunha -caso de *Ain't got, got life*- fondo de recentísimo anuncio televisivo. Logo, neste libro tan rigorosamente preparado e introducido por María do Cebreiro, igualmente traductora dos textos, no que a penas se bota en falla algún nome nos créditos das cancións, hai moitas letras descoñecidas nestes eidos, o que sen dúbida servirá de axuda para que o lector saiba afastar xéneros. O prólogo, obviamente, merece unha lectura moi atenta porque nel, ademais, aprendemos moito do que se coce na música popular norteamericana, tan rica, tan de suñión. Aquí está o 'blues', naturalmente, pero tamén aparecen o 'gospel', o 'soul' o 'jazz', etcétera. Fóra fica o espiritual o que faría a escolma ilimitada. Tan rica -e pura- que dan ganas de bebela.